

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15681** *Real decreto 628/2019, do 31 de outubro, polo que se modifican os reais decretos 1075/2014 e 1076/2014, ambos do 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da política agrícola común.*

O Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 637/2008 e (CE) núm. 73/2009 do Consello, constitúe o marco xurídico actual para o réxime de pagamentos directos cuxa aplicación foi desenvolvida no ámbito nacional principalmente a través do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.

Durante as cinco campañas de aplicación da última reforma da política agrícola común (PAC), a normativa nacional foise adecuando de maneira sucesiva ás modificacións da normativa da Unión Europea, ao tempo que se incorporaban cambios derivados da experiencia adquirida na xestión dos pagamentos directos, cuxo obxectivo se centraba, principalmente, en aclarar procedementos e conceptos que nela se establecen, así como para dotar o sistema de axudas dunha maior simplicidade e flexibilidade.

En liña con estes obxectivos e iniciativas, para a campaña do ano 2020 redúcese a carga e complexidade administrativa que supón a aplicación do criterio de agricultor activo, á vez que se dota de maior eficacia e claridade, asegurando que o agricultor realmente está exercendo a actividade agraria, ao propor un cambio en coherencia co disposto no Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) núm. 1305/2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) núm. 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) núm. 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) núm. 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e (UE) núm. 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal. Desta forma, redúcense a un os criterios enumerados no artigo 8 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, para acreditar que unha persoa ou grupo de persoas son agricultores activos demostrando que a súa actividade agrícola non é marxinal.

Así mesmo, co obxecto de favorecer a incorporación de novos titulares á actividade, tanto mozos como novos agricultores, en ambos os reais decretos engádese unha nova referencia a tomar como data de primeira instalación que dota de maior flexibilidade, favorecendo o acceso a estas axudas.

Dentro do marco regulador do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, dáse máis claridade ás figuras asociativas que poden ser recoñecidas como parte vendedora nos contratos para a transformación de tomate.

A excepción prevista no artigo 52, número 4, do Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, aos titulares de dereitos «especiais» debe aplicarse de forma coherente coas disposicións xerais sobre pagamentos directos. En particular, o artigo 31(1)(b) do Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á reversión á reserva de dereitos non activados despois de dous anos, debe aplicarse de maneira análoga aos agricultores que non solicitan a axuda outorgada na base do artigo 52, número 4, do mesmo regulamento, vinculada á percepción de dereitos especiais, durante dous ou máis anos consecutivos. Isto implica que os agricultores que non fixesen uso das axudas asociadas para os sectores gandeiros, vinculadas a dereitos especiais, deberían perder o seu dereito a solicitar este tipo de apoio con carácter permanente para o futuro. Non obstante, isto non implica que estes agricultores non poidan ser elixibles para outro tipo de axudas asociadas.

En relación co sistema integrado de xestión e control das axudas, de conformidade co disposto no artigo 40 bis do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, incorpórase a posibilidade de utilización dos controis por monitorización por parte das comunidades autónomas, para o cal o Fondo Español de Garantía Agraria exercerá funcións de coordinación. Así mesmo, establécese, para estes expedientes controlados por monitorización, un novo prazo de modificación da solicitude única co obxecto de unificar as datas para o cumprimento dos requisitos.

Con respecto á información mínima que debe conter a solicitude única, incorpóranse axustes técnicos co fin de habilitar expresamente a autoridade competente para realizar o tratamento estatístico dos datos contidos na solicitude única de axudas, así como dos datos que se recollen desde outras administracións públicas para cubrila, adoptando para isto as medidas necesarias de confidencialidade establecidas no artigo 103 do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e así mesmo, para que poida acceder á información contida nos rexistros oficiais para determinar a admisibilidade das axudas solicitadas. Igualmente, simplifícase e flexibilízase a declaración dos cultivos hortícolas e froiteiros ao tempo que se aclara a súa redacción, e axústase a declaración responsable referente ao cumprimento dos requisitos establecidos para cultivos proteicos.

Tamén se modifica a redacción dada aos requisitos e condicións que deberán cumprir as superficies de barbeito que pretendan computarse como superficies de interese ecolóxico, para mellorar a súa comprensión.

Finalmente, nas condicións de acceso á reserva nacional establecidas no Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, unifícase a data para exixir a titularidade dunha explotación activa no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA), e proponse o último día do prazo fixado para aceptar modificacións da solicitude única, en coherencia coa data fixada para o cumprimento do resto de requisitos para o acceso á reserva nacional, independentemente de se a comunidade autónoma decide ampliar o prazo de solicitude única.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase o proxecto na necesidade dunha mellor implementación da normativa da Unión Europea en España, e evitar posibles correccións financeiras, ao ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución, ao cumprir que a regulación se recolla nunha norma básica. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación limítase ao mínimo imprescindible para cumprir coa dita normativa. O principio de seguridade xurídica garántese ao establecérense nunha disposición xeral as novas previsións en coherencia co resto do ordenamento xurídico. Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia foron consultadas durante a tramitación da norma as comunidades autónomas, as entidades representativas dos sectores afectados, e efectuouse o trámite de audiencia e información pública. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido xa que non se impoñen novas cargas administrativas fronte á regulación actual.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Actividades excluídas.*

1. En virtude do artigo 9.2 do Regulamento (UE) núm. 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non se concederán pagamentos directos ás persoas físicas ou xurídicas, ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, cuxa actividade, conforme a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE), se corresponda cos códigos recollidos no anexo III.

Tampouco se concederán pagamentos directos se a persoa física ou xurídica, ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, exercen o control dunha entidade asociada, cuxa actividade conforme o CNAE ou conforme o IAE se corresponda cos códigos recollidos no anexo III. No caso das persoas xurídicas ou grupos de persoas xurídicas tampouco se concederán pagamentos directos cando a persoa xurídica ou grupo de persoas xurídicas sexa controlada por unha entidade asociada, cuxa actividade conforme o CNAE ou conforme o IAE se corresponda cos códigos recollidos no anexo III. Para estes efectos, entenderanse como entidade asociada todas as entidades directa ou indirectamente relacionadas coas persoas físicas e xurídicas, ou grupos de persoas físicas e xurídicas, por unha relación de control exclusivo en forma de propiedade íntegra ou participación maioritaria.

2. Non obstante o disposto no número anterior, considerarase que as ditas persoas ou grupos de persoas son agricultores activos, e por tanto poden ser beneficiarias de pagamentos directos, se achegan probas verificables que demostren que a súa actividade agraria non é insignificante, sobre a base de que os seus ingresos agrarios distintos dos pagamentos directos sexan o 20 por cento ou máis dos seus ingresos agrarios totais no período impositivo dispoñible máis recente, tendo tamén en conta para estes efectos, se procede, os datos correspondentes ás entidades asociadas a estes.

3. En relación co número 2, no caso de que as ditas persoas ou grupos de persoas non contén cuns ingresos agrarios distintos dos pagamentos directos do 20 por cento ou máis dos seus ingresos agrarios totais, poderán ser consideradas agricultor activo sempre e cando se demostre que exercen a actividade agraria establecida no artigo 11 e asuman o risco empresarial da dita actividade.

4. Aqueles beneficiarios que durante a tramitación das axudas de campañas previas fosen incluídos pola Administración na lista negativa de beneficiarios e, tras presentar as súas alegacións, fosen excluídos da dita lista negativa baixo a circunstancia indicada no número 2, poderán solicitar, no marco da solicitude única da campaña actual, que se revise a súa situación, presentando a documentación necesaria que xustifique que seguen cumprindo o mesmo requisito.»

Dous. O ordinal 2.º da letra b) do artigo 25 queda redactado da seguinte forma:

«2.º Que se instale por primeira vez nunha explotación agraria como responsable desta, ou que se instalase na dita explotación, como responsable, nos cinco anos anteriores á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico. Considerarase que un mozo agricultor é responsable da explotación se exerce un control efectivo a longo prazo no que respecta ás decisións relativas á xestión, aos beneficios e aos riscos financeiros da explotación. Para efectos deste número, a primeira instalación considerarase desde a data de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación. Non obstante o anterior, se se ten proba fidedigna de que exerceu como responsable da explotación con anterioridade á súa data de alta no réxime da Seguridade Social, poderase tomar esta outra data como a de instalación, ben que nestes casos será necesario que posteriormente á dita data se producise a alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.»

Tres. O número 1 do artigo 32 queda modificado como segue:

«1. Os industriais arrocceiros deberán realizar, ante a autoridade competente onde se encontre almacenado o arroz, como máis tarde o 15 de novembro, unha declaración das existencias de arroz que se encontren no seu poder en 31 de agosto anterior, desagregadas tal como establece o artigo 12.b) do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017.»

Catro. O ordinal 1.º do número 2.a) do artigo 50 queda modificado como segue:

«1.º Unha parte vendedora, que poderá ser un agricultor ou unha organización de produtores definida de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a que pertenza ese agricultor (en diante, OP).

Non obstante, aqueles agricultores que vendesen a súa produción, ou parte dela, á OP como terceiros poderán incluírse no contrato en que figure a dita OP como vendedora.

Así mesmo, poderán ser parte vendedora outras figuras asociativas distintas das organizacións de produtores, tales como cooperativas ou sociedades agrarias de transformación, sempre que exista un mandato entre a dita figura asociativa e os seus membros de maneira libre para que actúe como intermediaria entre os seus membros e a industria transformadora e se encargue de subministrar a esta a materia prima dos seus membros.»

Cinco. No artigo 58 engádese un novo número 10 co seguinte contido:

«10. Os gandeiros que non solicitasen durante dúas campañas consecutivas ou máis ningunha das axudas establecidas nas seccións 7.ª, 8.ª e 9.ª do presente capítulo perderán, con carácter definitivo, o dereito a recibilas, excepto en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais. »

Seis. O número 9 do artigo 92 queda modificado como segue:

«9. O agricultor, persoa física ou xurídica, incluírá na súa solicitude única unha declaración expresa en que manifeste se realiza ou non algunha actividade que se corresponda cos códigos recollidos no anexo III, conforme a Clasificación nacional de entidades económicas (CNAE) ou conforme o imposto sobre actividades económicas (IAE). Así mesmo, na dita declaración manifestará se ten ou non o control dalgunha entidade asociada e, en caso de ser persoa xurídica, tamén expresará se é controlada por algunha entidade asociada, tal e como aparecen definidas no artigo 8. En caso afirmativo, o agricultor indicará o NIF das entidades asociadas con que teña relación e manifestará se desenvolven ou non algunha das actividades recollidas no anexo III.

En caso de que o agricultor indique na súa solicitude única que, por conta propia ou a través dunha entidade asociada, leva a cabo unha actividade das indicadas no anexo III, o agricultor poderá solicitar a súa consideración como agricultor activo, para o que deberá achegar, xunto coa solicitude única, os documentos que permitan verificar que se cumpren as condicións establecidas no artigo 8.2 para ser agricultor activo. Para os solicitantes que percibisen axudas directas nas campañas 2015 e 2016, esta declaración expresa deberá incluír unha referencia, ademais de á campaña 2017, a aquelas outras campañas previas até 2015 en que se cobrasen axudas directas.»

Sete. O artigo 96 substitúese polo seguinte:

«Artigo 96. *Modificación das solicitudes.*

1. Unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, os agricultores poderán, até o día 31 de maio, modificar ou incluír novos réximes de pagamentos directos ou medidas de desenvolvemento rural, engadir parcelas individuais ou dereitos de pagamento individuais sempre que se cumpran os requisitos fixados no réxime de axuda de que se trate. Cando estas modificacións repercutan nalgún xustificante ou contrato que debe presentarse, tamén estará permitido modificalo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos en que as comunidades autónomas ampliasen o prazo de presentación da solicitude única e cando sexa estritamente necesario para garantir o cumprimento da normativa europea, sempre logo de comunicación ao Fondo Español de Garantía Agraria e dentro do máximo permitido polos regulamentos da Unión Europea, estas poderán ampliar o prazo de modificación da solicitude única no seu ámbito territorial de actuación, de maneira debidamente motivada.

2. No caso dos agricultores suxeitos a controis mediante monitorización, de conformidade co disposto no artigo 40 bis do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, unha vez finalizado o prazo de modificación da solicitude única, poderán, até o 31 de agosto, modificar as parcelas agrarias da súa solicitude única, en relación cos réximes de axuda monitorizados, sempre que as autoridades competentes lles comunicasen os resultados provisionais a nivel de parcela a que se refire o número 1.d) do citado artigo, e se cumpran os requisitos correspondentes segundo os réximes de pagamentos directos de que se trate. No caso do pagamento específico ao cultivo do algodón, as parcelas agrarias poderanse modificar até o 31 de outubro.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando sexa estritamente necesario para garantir o cumprimento da normativa europea, sempre logo de comunicación ao Fondo Español de Garantía Agraria e dentro do máximo permitido polos regulamentos da Unión Europea, as comunidades autónomas poderán ampliar o prazo de modificación da solicitude única para estes agricultores e no seu ámbito territorial de actuación, de maneira debidamente motivada. Neste caso, a data límite será de, como mínimo, quince días naturais antes da data en que se deba realizar o primeiro pagamento ou o pagamento anticipado aos beneficiarios, de conformidade co artigo 75 do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.»

Oito. O artigo 99 queda modificado como segue:

O número 5 substitúese polo seguinte:

«5. O Fondo Español de Garantía Agraria coordinará o correcto funcionamento dos sistemas de control para cuxo efecto prestará a asistencia técnica necesaria e, no ámbito das súas competencias, establecerá, se for o caso, convenios de colaboración coas comunidades autónomas para xestionar as bases de datos necesarias para tal efecto e, cando proceda, asegurar a correcta realización dos controis por teledetección e monitorización establecidos nos artigos 40 e 40 bis, respectivamente, do Regulamento de execución (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.»

Engádesse un novo número 6 bis co seguinte contido:

«6 bis. As comunidades autónomas, de conformidade co artigo 40 bis do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, poderán efectuar controis por monitorización e, en tal caso, deberán establecer un sistema de comunicación cos beneficiarios conforme o establecido no dito artigo.»

Nove. O anexo VII queda modificado do seguinte modo:

No número I substitúense os puntos 1 e 14 e incorpóranse dous novos puntos 20 e 21, cos seguintes contidos en cada caso:

«1. A identificación do agricultor: NIF, apelidos e nome do agricultor e, se procede, do seu cónxuxe e réxime matrimonial, se for o caso, ou razón social, data de nacemento, domicilio (tipo de vía e o seu número, código postal, municipio e provincia), teléfono e apelidos e nome do representante legal, se for o caso, co seu NIF. En caso de persoa física, indicación de se a titularidade da explotación é compartida mediante a inscrición no rexistro previo correspondente. Se procede, a comprobación dos datos relativos á identidade realizárase de oficio o órgano instrutor, se así o autoriza o solicitante. En caso de non presentar a dita autorización, o solicitante deberá achegar o correspondente documento.»

«14. No caso das sociedades, estas deberán declarar o nome, NIF e data de nacemento dos socios participantes indicando o tanto por cento da súa participación no capital social.»

«20. Declaración expresa de que coñece que todos os datos consignados na solicitude única de axudas, así como os que se recollen doutras administracións públicas para cubrir a solicitude, poden ser tratados con fins estatísticos pola autoridade competente, cumprindo as medidas de confidencialidade conforme o artigo 103 do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, de cara a estudos e traballos no marco do seguimento da PAC.»

«21. De conformidade co artigo 95.2, e para efectos do disposto no artigo 92.2, declaración expresa para que a autoridade competente na xestión da solicitude única en cada comunidade autónoma poida acceder á información contida nos rexistros oficiais con relación ás parcelas agrícolas da explotación, o seu réxime de tenza, actividade agraria exercida sobre elas e calquera outro dato das parcelas e das actividades agrarias levadas a cabo nelas necesarios para determinar a admisibilidade das axudas solicitadas.»

No número III introdúcense os seguintes cambios:

A letra d) do punto 7 substitúese pola seguinte:

«d) Cultivos hortícolas e froiteiros, deberá declararse anualmente e de forma gráfica toda a superficie de cultivo a través da solicitude única ou das vías que a autoridade competente estableza para tal fin.

No caso de superficies de froiteiras, cando a superficie declarada no recinto sexa maior a 0,1 hectáreas, indícarase a especie, a variedade e o ano de plantación. No caso de cultivos hortícolas, cando a superficie declarada no recinto sexa maior a 0,1 hectáreas, deberán especificarse as especies que se van implantar na campaña sobre a mesma superficie.»

O punto 10 queda modificado como segue:

«10. Axuda asociada aos cultivos proteicos a que se refire a sección 3.<sup>a</sup>, capítulo I, título IV:

– A superficie pola que se solicita o pagamento, desagregada por especie e, cando corresponda, por variedade cultivada.

– Declaración responsable do solicitante de que é coñecedor e se axusta aos requisitos recollidos nos artigos 34 e 35, e, en especial, de que se compromete a que o destino da súa produción sexa directa ou indirectamente a alimentación animal.»

O punto 14 queda modificado como segue:

«14. Datos relativos ao destino da produción agrícola cando se declaren cultivos hortícolas, cultivos enerxéticos, viñedo de vinificación e flores, necesarios para dar cumprimento ao Regulamento (UE) núm. 2018/1091 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, relativo ás estatísticas integradas sobre explotacións agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 1166/2008 e (UE) núm. 1337/2011, e ao Plan estatístico nacional.»

Dez. O último parágrafo da epígrafe I.A) do anexo VIII substitúese polo seguinte:

«Así mesmo, todas as superficies de barbeito que pretendan computarse como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas na campaña anterior por ningún cultivo fixador de nitróxeno dos incluídos na lista da epígrafe II deste anexo, con independencia de que o dito cultivo computase ou non como superficie de interese ecolóxico no ano anterior.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, queda modificado como segue:

Un. O artigo 24 queda modificado do seguinte modo:

O ordinal 2.<sup>o</sup> do número 3.a) substitúese polo seguinte:

«2.<sup>o</sup> Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria como responsable da explotación, ou que se instalasen na dita explotación nos cinco anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación da solicitude única da campaña correspondente á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico. Para efectos dos números 3.a) e 3.b), a primeira instalación considerárase desde a data de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación. Non obstante o anterior, se se ten proba fidedigna de que exerceu como responsable da explotación con anterioridade á súa data de alta no réxime da Seguridade Social, poderase tomar estoutra data como a de instalación, ben que, nestes casos, será necesario que posteriormente á dita data se producise a alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.»

A letra b) do número 4 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Que comece a súa actividade agraria no ano 2013 ou posterior, sempre que nos cinco anos previos á data de comezo da nova actividade non levase a cabo

ningunha actividade agraria pola súa propia conta e risco, nin exercese o control dunha persoa xurídica dedicada a unha actividade agrícola. Para estes efectos, o comezo da actividade considerarase desde a data de alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación, da cal deberá dispor antes da fin do prazo de modificación da solicitude única. Non obstante o anterior, se se ten proba fidedigna de que exerceu como responsable da explotación con anterioridade á súa data de alta no réxime da Seguridade Social, poderase tomar estoutra data como a de instalación, ben que, nestes casos, será necesario que posteriormente á dita data se producise a alta no réxime da Seguridade Social correspondente á actividade agraria que determine a súa incorporación.»

Dous. A letra b) do número 1 do artigo 25 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Dispor de hectáreas admisibles determinadas para efectos do pagamento básico para que os dereitos se poidan asignar con base nas ditas hectáreas. Se o solicitante declara na súa solicitude única superficies de pastos permanentes sobre os que pretende recibir unha asignación de dereitos de pagamento básico procedente da reserva nacional, deberá estar inscrito como titular principal dunha explotación activa no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) na fin do prazo de modificación da solicitude única. En caso contrario, a autoridade competente deberá estudar se se cumpren as condicións establecidas tanto no artigo 3.I) do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, en relación co coeficiente de admisibilidade de pastos nas ditas superficies, como no artigo 11 sobre a actividade agraria en superficies de pastos. En calquera caso, estes titulares serán considerados como unha situación de risco para efectos da aplicación do artigo 12 do citado real decreto.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES